

Acta reunión Xunta Directiva e Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis, celebrada por sistema on line, mediante aplicación Team, o día 23 de setembro de 2025, coa asistencia dos membros que se citan á marxe:

José Mosquera Casero-Presidente
Gabriel Fernandez Mourelle-Vicepresidente-
CD Empresariais
María Berini Pita da Veiga- Vogal FGT
Tere Castro Jorreto- Vogal FGT
Juan José Medín Guyatt- Vogal -Sporting Club
Casino Coruña CD
Fernando Placer Manzanaro- CD
Ana María Martínez Riveiro- JD

Acta de sesión
É aberta polo presidente José Mosquera e agradece a conexión a esta reunión.
Da paso aos puntos da Orde do día:
1. Aprobación das actas das reunións anteriores de Xunta Directiva e Comisión Delegada
As seguintes actas son aprobadas por unanimidade:

Xunta Directiva do 19/06/2025
Xunta Directiva do 02/07/2025
Comisión Delegada do 19/06/2025

2. Informe sobre as instrucción – Circular de licenzas tempada 2025/2026

Toma a palabra o presidente e explica a situación na que nos atopamos en referencia á tramitación das licenzas para a nova tempada 2025/2026, e a nova normativa que se tenta impoñer desde a RFET, asumindo competencias que son exclusivamente das Federacións Territoriais nesta materia.

Solicitouse reunión co Secretario Xeral de Deportes da Xunta de Galicia para explicarlle con detalle esta situación, que baixo o punto de vista da Federación Galega de Tenis non é correcta, e ao que de maneira informal adiantóuselle esta situación.

3. Aplicación Isquad (Toools)

Infórmase sobre os procedementos que nos queren impoñer desde a aplicación Isquad a través da empresa Toools

A decisión que se adopta é a de seguir co procedemento habitual de renovación e altas de licenzas, tal como fíxose chegar aos clubs, en circular de licenzas para a tempada 2025/2026.

Darase publicidade desta decisión na páxina web e redes da Federación Galega de Tenis

4. Rogos e preguntas – que non hai

E sen mais temas que tratar, sendo as 21.45 horas, dáse por pechada a sesión da que se levanta a presente acta e asino como secretaria desta reunión co VºBº do presidente.

Vº e prace
José Mosquera Casero
Presidente FGTennis

Mª Jesús Fernández García
Secretaria da reunión